

SELECCIÓN DUN TRACTORISTA DENTRO DO PROGRAMA DA XUNTA DE GALICIA DE FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2025)**ACTA Nº 1**

Na Casa do Concello ás 09.00h do día 27 de xuño de 2025 constitúese o tribunal de selección para un tractorista dentro do programa da Xunta de Galicia de fomento de Emprego no medio rural (Aprol rural), cos seguintes membros: presidente, D. Andrés Busto Allo, secretaria, D^a. Berta Buján Casanova, vogais, D. Manuel Rama Dosil e D^a Sofía Pérez Figueria, asesora do tribunal D^a Irene Espasandín Bermúdez.

Os candidatos foron preseleccionados pola Oficina Pública de Emprego, tal como se especifica no Artigo 14, punto 4, da Orde do 5 de marzo de 2025, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento de Emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, tendo consideración de lista definitiva de aspirantes, aprobada esta por resolución de alcaldía, segunda a base 8 das bases do proceso selectivo obxecto deste acto.

Procédese a realizar a fase de selección:

1º.-De conformidade coas bases reguladoras da convocatoria das citadas prazas (Base 9ª.1), realízase unha proba práctica aos aspirantes que se presentaron, co obxecto de que poñan de manifesto as habilidades nas cuestións técnicas e o correcto manexo da maquinaria empregada para a realización das tarefas diarias propias do posto. Para levala a cabo os membros do tribunal desprázanse ata a Rúa do Catelo s/n, lugar de Entíns, ubicación na que se convocan aos aspirantes.

Realizada a proba proposta, a cualificación da mesma é a seguinte:

Identidade do aspirantes	Puntos obtidos
José Blanco Peón	Non apto (Non acada a puntuación mínima esixida)
Manuel Angel cereijo Castiñeiras	Non apto (Non acada a puntuación mínima esixida)
José Benedicto Leis Arcos	Non apto (Non acada a puntuación mínima esixida)



2º.- Non se procede a valorar a fase de méritos establecida nas bases da convocatoria (Base 9ª 2) , posto que ningún dos aspirantes acadou a puntuación mínima esixida na fase de oposición.

3º Concluído o proceso, queda deserta a praza de tractorista convocada, polo que se insta ao Concello para que realice unha nova petición de aspirantes ao Servizo Público de Emprego.

4ª Establécese un período de reclamacións ou suxestións, que rematará o vindeiro mércores, 2 de xullo, ás 14.00h.

O tribunal conclúe a sesión sendo as 13.30 h na data sinalada no encabezamento.

O Tribunal, conforme

